



Monforte
prepara a
XII Carreira
Popular



Páxina VI

Camión de
emergencias
para o GES do
Pereiro de
Aguar



Páxina VIII

Ríos de nove
parroquias de
Viveiro serán
limpiados



Páxinas IX

A Xunta inicia
a demolición
da lavandería
do antigo
hospital



Páxina XV

Día da
Ilustración
adicado ao
caldelao
Cándido Fdez.
Mazas



Páxina XVIII

Encontro
Profesional de
Música Galicia-
Portugal en
Verín



Páxina XVIII



Os traballos de prospección en Proendos, Sober, documentan un gran edificio con baños no interior

Páxina XVII

Entrevista



Mario Cortizo, da Banda de Lombás

“Non queremos simples espectadores, queremos ver á xente bailando”

Páxina X

jba
servicios
inmobiliarios

Francisco de Moure 22 Baixo, Ourense
☎988 10 20 75 ☎629 83 67 48
www.inmobiliariabajba.com
jba.couto@gmail.com

Servizos
ourense

Publicidad - Eventos

☎ 678 578 161

www.servizosourense.es

CARNICERÍA
MARIVAN



abierto
los domingos

C/Faustino Santalices - esquina
Pablo Picasso - Ourense
Tlf. 639 58 04 30

Orixe

PUBLICIDADE E COMUNICACIÓN
988 60 70 75

Diseño - Impresión - Rotulación - Merchandising

www.orixepublicidade.es

Rúa Francisco de Moure 20 • Ourense

Opinión

Por Nemésio Barxa

Parece que falar não tem cancelas

Se é certo que o falar não tem cancelas também o é que as palabras podem levar aos feitos, sem posibilidades em muitas ocasións de regreso. A impotencia e a tradicional intransigencia das dereitas nos levam a este lodazal lingüístico de insultos e ameazas, no propio Congreso, que de momento non se traducen fisicamente mas non só enrarecen a convivencia, dificultan o entendemento e adiam solucións políticas das que tanto precisamos senón que pasan aos feitos representados neste caso en judicializar a política aproveitando que tanto o Poder judicial como o Tribunal Constitucional ficam integrados maioritariamente por persoas cualificadas e reconhecidas de conservadoras, próximas ideologicamente aos postulados da dereita; o Consello Xeral do Poder Judicial chegou ao fin de seu mandato e continua provisoriamente, en funcións, até que se levan a cabo novas eleccións e sem autoridade para face-lo está a realizar nomeamentos de postos importantes nos órganos judiciais que recaem en magistrados de ideoloxía conservadora aproveitando a complicidade do PP que dificulta a nova elección; já houve queixas dentro da carreira judicial. Naturalmente as tres dereitas tiran vantagem de esta situación para continuar a judicialización dos problemas políticos em curso. Assim por exemplo, na Cámara cata-

lana o Consello de personal denuncia coaccións e constantes interferencias “bajo la sombra de la denuncia com el objeto de incidir en su objetividad, profesionalidad, integridad, neutralidad, responsabilidad e imparcialidad” e ainda que non menciona nominalmente ao grupo de Ciudadanos, este grupo apresentou há um par de semanas, perante a JEP remitida á JEC, denuncia contra os membros da Mesa que votaron a favor de que Quin Torra mantivera a ata de deputado em tanto non resolva o TS; tese esta ultima na que coinciden a Abogacia do Estado e o Ministerio Fiscal, que obviamente exclue qualquer tipo de infracción ou delito. A ameaza vale ainda porque a palabra “prevaricación” ou similar leva a inquietude ao afetado, pese a que seja opinión generalizada que o TEC orquestou um golpe contra Torra, porque non parece nada lógico que um tribunal administrativo poda destituir a um Presidente de Autonomia. As palabras asustam, mas os ameazadores as traducen a feitos que podem ter transcendencia (perguntem as decenas de catalães sancio-

nados). Casado pudo espetar-lhe no Congreso á portavoz de Bildu (partido legal com miles de votantes) “vosotros nos matabais a nosotros” e esta imputación de um asesinato sim é um delito.

Naturalmente refiro-me a palavrões insultantes ou ameazadores pois recentemente lei um artigo no que vários investigadores, expertos em linguagem, psicólogos e incluso

ódio. Palavras lançadas como projectiles por pessoas que desconhecem ou incluso combatem a democracia, incapazes de dialogar com o discrepante a quem só por isso consideram inimigo; antidemocratas que sem pudor nem máscara se retratam há poucos dias no Parlamento Europeo ao votar juntos PP e VOX rejeitando pressionar a Polonia e Hungria pola sua deriva autoritária, ainda que isso significasse discrepar de todo o grupo popular europeo, que defendia pressionar a ambos governos para que retomassem a senda da democracia. A direita espanhola pensa que no seu radicalismo, em línea direita com o franquismo, reside a fórmula para chegar ao poder e manter-se nele.

Fronte a essas palabras ameazadoras e de odio também com esperanza escutava ao Papa reclamando “diálogo e autocontrolo”, e a políticos do Estado palabras de desjudicialización, diálogo, anistia, compromisso, estabilidade, transformación, maotendida, colaboración... Há pouco tempo lia um artigo de opinión em um jornal qualquer do que o que mais me chamou a atención e do que mais gostei foi do título: Atar corto a las palabras. Certo, as palabras não deveriam deixa-las sair livres e espontâneas, tal vez pensada na sua transcendencia e no seu impacto. A palabra pode escravizar-nos.



estudos de Universidades (East Anglia, em Norwich ou a Marist College de Massachusetts, p.ex.) sostenhem que os palavrões, os tacos, poderiam aportar beneficios surpreendentes, atuar como analgésico natural, ajudar-nos a ter mais êxito, atuar como uma válvula de escape, de terapia antiestres, expressar enfado sem que se converta em agressão física... Total, que suas senhorias podiam haver-se liberado do seu enfado com palabras malsoantes, incluso toscas e incorretas, tacos vulgares, que dariam renda solta ao seu desgosto, mas infelizmente as que utilizaram foram ameazadoras, insultantes, nascidas mais que do enfado do



Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49
guillermo@novasdоеixoatlantico.com
Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.
Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD
36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69
redaccion@novasdоеixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.
Publicidade: Departamento propio e axencias
publicidade@novasdоеixoatlantico.com
Fotografía: Hernández e departamento propio
Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Rocio Rodríguez – Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – M. Rguez. Alonso – X. Maure – Uxío Breogán – Pérez Lema – X. Glez. Mtnez. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Roberto Carlos Mirás – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PORTUGAL:** Hilaria Albertina Dantas Antelo - Viale Moutinho – Manso Preto – Isabel Varela – João Martinho – **MADRID:** Juan Louzán – **BARCELONA:** Fdez. Valdeorra – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal – **NOVA IORQUE:** Fco. Álvarez (Koki).

Fotografía: Hernández – A. Gutiérrez – M. Preto – Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).

Depósito legal: VG-14/2017



Xornal Cultural
para o Lecer

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Pepe Velo terá un monumento en Celanova

En 1969, Celso Emilio Ferreiro xa rompera as relacións coa directiva da Hermandad Gallega de Caracas por profundas desavinzas políticas. Nunha carta datada o 15 de xullo dese mesmo ano explícalle a Xosé Velo, que xa por entón vivía no exilio en São Paulo, os seus proxectos literarios, pero algo máis: “politicamente traballo cun grupo pequeno de amigos a prol da UPG, unha organización de xente moza, de carácter socialista, que hoxe é a única que fai algo na nosa Terra. Noutra ocasión mandareiche o seu programa, que imprintamos eiquí e estamos introducindo no interior”.

O 16 de outubro de 1971 volvería escribir outra que remata cun párrafo no que intúe que “como me pasa a min, teredes afoiros de paz e do silencio de Celanova. As pedras, asárbores, os currunchos, os ecos do pasado están elí aínda, e eso abunda”.

Xaneiro é un mes moi importante na súa biografía. O día 22 dese mes de 1961 o Directorio Ibérico de Liberación asalta o trasatlántico “Santa María” da Companhia Colonial de Navegação portuguesa, rebautizado polo comando que dirixiu o secuestro

co nome de Santa Libertad. Unha operación planificada e dirixida por Pepe Velo, que foi a máxima autoridade como Co-director Xeral co pseudónimo de Carlos Junqueira de Ambía e a axudantía de Henrique Galvao e Jorge de Soutomaor (o galego José Fernández), segundo reza nunha Orde do Día emitida a bordo pola Comandancia Xeral o 30 de xaneiro. Noutro xaneiro de 1972, o día 30, falece sendo enterrado coa bandeira galega no cemiterio de Morumbi, unha pequena localidade de São Paulo.

A súa militancia nacionalista comezou sendo un mociño. Ao pouco tempo, con dezanove anos é elixido secretario xeral da Federación das Mocidades Galeguistas. Isto acontece en 1935, un ano antes da sublevación militar que había marcar decisivamente a súa vida posterior. Despois de moitas peripecias instalase en Vigo en 1940 e abre unha academia na rúa Carral desde onde desenvolve unha intensa actividade política na coordinación da guerrilla na provincia de Pontevedra. En 1944 é detido, torturado e encarcerado, primeiro en Vigo, e despois na Coruña. Aproveitando a liberdade condicional foxe e agóchase du-

rante un ano e medio en Celanova na aldea de Moreira, ao tempo que o Comandante Xuíz Instrutor, Santiago Vega, dita o 21 de agosto de agosto de 1948 unha requisitoria de busca e captura del e de Mariano Otero Castelao, curmán do autor do Sempre en Galiza.

Chega a Venezuela en outubro, despois de que o presidente Rómulo Gallegos, amigo seu, ordenara ao consulado en Lisboa lle entregase un “pasaporte de emerxencia” para evitar que a policía política que o detivera o entregase ás autoridades franquistas. Fixa a súa residencia en Caracas onde dirixe o Colexio Orto que gozaba de gran predicamento entre os republicanos e xente progresista de Venezuela. Tamén aquí, como na academia de Vigo, Pepe Velo desenvolve unha actividade política intensa. Dirixe unha sociedade galega; escribe a maior parte da súa obra poética, aínda inédita (máis de 200 poemas); participa no 1º Congreso da Emigración Galega de 1956 celebrado en Buenos Aires; funda o Directorio Ibérico de Liberación; planifica e executa o secuestro do “Santa María”. Rematada esta xesta revolucionaria acóllese ao asilo que lles ofrece o presidente Jânio Quadros e queda en São Paulo, onde funda a “Librería e Editorial Nós Publicacións Galicia Ceibe”.

A Fundación Lois Peña Novo, coa colaboración do Concello de Celanova, Depu-

tación de Ourense, Fundación Curros Enríquez e Secretaría Xeral de Política Lingüística, convocan un acto para o vindeiro 1 de febreiro no Parque das Triqueirizas da Vila de Celanova no que se descubrirá un monumento de Pepe Velo do escultor José Molares.

Este será a terceira homenaxe a quen aínda segue a ser un gran descoñecido para as novas fornadas de mozos e mozas de emocións galeguistas/nacionalistas. Primeiro foi a colocación dunha placa na fachada da casa onde vivira no barrio das Travesas en Vigo, e recentemente na Vila de Melgaço coas colaboracións da Deputación de Pontevedra e Cámara Municipal e Asociación de Amigos do Couto Mixto.

A vida itensa de Pepe Velo chamoulles sempre a atención aos que o coñecían. El respondéulles poeticamente así: “Pois que preguntas, xa sabes/ de onde me vén o folgo/para cantar miña esperanza: Da visión do futuro/unque sempre se chega,/endexamais se alcanza”. Se non apodreceu a semente, non morreu a esperanza, engadeu.

O espazo urbano de Celanova coa incorporación do monumento de Pepe Velo completa a nómina de personaxes egrexios da súa historia que xa teñen senllos monumentos: Curros e Celso Emilio.



Baldomero Iglesias Dobarrio, Mero.

De novo coa xustiza a voltas

Dicía o meu amigo Darío Rivas que aquí non se respiraba aínda a Liberdade, que estabamos constrinxidos en medio dunhas normas que cheiraban a mofo, a vellos apaños do fascismo ruín e desapiadado. Dicía que a Liberdade nótase cando non tes que dar tantas explicacións, nin pedir tantos permisos para expresarte e ser, para queixarte, para esixir o que é teu, para recuperar o que che levaron, para que che fagan xustiza. E hoxe véñenme á memoria as súas palabras cando hai tanto lío co Poder Xudicial que, xa sabemos é de maioría conservadora e que ten as moscas detrás da orella pois sábese da súa teimosía compiacencia coa dereita e naquelas cousas do mofo que antes citaba, evocando ao Darío loitador da nosa causa e da nosa memoria. Eu creo que cando “o ditador” falaba de que deixaba todo atado e ben atado era por mor da xustiza que deixaba latente, tanto redactada como impartida, secuen-

ciada no adeene dese poder, por xentes elixidas a dedo que estorban e complican a existencia de novos modos de participación activa e de desenvolvemento equitativo e máis xusto. Non nos movemos moito, imos moi lentamente e parecemos ancorados no lastre dun fondo escuro. Menos mal que unha xustiza de maior rango, como a europea, agora lle fai corrección ao CXPX nun terreo onde antes ninguén se lle metía e eran donos do baile. Aquilo da “mesura, imparcialidade, independencia, proporcionalidade” e outras desculpas, non chegan para lavarllas a cara. Cantas causas mal encausadas, cantas varas de medir, segundo a quen. Agora tamén se pasan un pouco, doídos, e creñse no dereito de corrixir as críticas que algún político lles

faga desde o poder. Pois non deberan facelo porque non é normal. Calquera persoa e tamén os políticos poder facer crítica das decisións xudiciais, como acaba de suceder, que as instancias xudiciais repriman ese dereito aconsellando a medida que eles mesmos non exercen, dando toques de atención aos que discrepan. Onde está



nosa liberdade de expresión? Detrás deles? A nosa xustiza hoxe non é algo equidistante nin harmonioso, digno recurso dos gobernados, non, dilúese baixo siglas que

ampanan todo, como sucede, por exemplo, cunha Xunta Electoral Central que se cre no deber de inhabilitar a un presidente autonómico e xa fóra de eleccións.

Precisamente por iso merece ser posta en cuestión sobre todo para que volva ser esteo e fundamento democrático, se se quere, ou norma estabilizadora dunha convivencia digna, pero para “todos”. Ten que saír desta tan notoria “parálise” que favorece sempre aos de sempre, aos que se gardan e gardaron no poder, os que sempre tomaron as decisións da Banca, da Patronal, do legislativo e dos executivos varios, igrexa e colectivos do medo e ameaza, manipuladores de moito

peso que para a nosa desgraza, todos coñecemos e agrupamos –desde sempre– baixo o enorme cualificativo de “caciquiños, caciques, cacicóns”.



Opinión

Por José Paz Rodríguez

Professor aposentado da Universidade de Vigo, Presidente da ASPGP e Académico da AGLP

Recuperar o Seminario de Estudos Galegos

Em novembro de 2008, na homenagem que o concelho de Rianjo lle realizou a Isaac Díaz Pardo, para declara-lo como fillo adoptivo, o conselleiro de presidencia da Junta, José Luis Méndez Romeu, anunciou que o importante legado de Sargadelos-O Castro, creado con tanto amor e tanta dignidade polo intelectual galeguista, com o apoio também de Luís Seoane, ia-se salvar para a Galiza. A Junta autonómica tinha na altura um estudo avanzado para criar uma Fundação de titularidade pública, sob a denominación de Seminario de Estudos Galegos e presidida, como tinha que ser, por Díaz Pardo. Esta Fundación acolheria a alma e documentación de Sargadelos, O Castro (cerámicas e editora), o Laboratorio de Formas, o Instituto Galego de Información (IGI) e a sua sede de S. Marcos em Compostela. Passado o tempo, falecido Díaz Pardo em 2012 com 91 anos de idade, o formoso projeto ficou em suspenso e está, infelizmente, paralizado, sendo ademais este ano 2020 o dos centenários de Nós e o do nascimento de Isaac Díaz. Pelo que muito nos gostaria que fosse recuperado o legado do SEG.

Os galegos nunca poderemos pagar o labor cultural e empresarial conjunto realizado pelos exilados no argentino Rio da Prata. De recuperación da nossa memória histórica na própria Terra, sem ajuda económica oficial, por Díaz Pardo, Fernández

Albalat e Seoane. Como ouro em pano conservaram os valiosísimos documentos históricos do Conselho da Galiza no exílio, promovido por Castelão, e muitos outros documentos importantes. Como, por exemplo, os do Seminario de Estudos Galegos (em diante SEG) e as suas atas fundacionais do ano 1923.

Quando nos perguntam sobre o que consideramos mais importante como atuação cultural na história da Nossa Terra, nunca o duvidamos e sempre repondemos que a revista Nós e as publicações da sua editora, e o SEG e os seus trabalhos de investigação, entre 1923 e 1936. Infelizmente, ao contrário que o acontecido em Catalunya com o Institut d'Estudis Catalans, recuperado na democracia pela Generalitat, aquí nenhum

governo fez nada por recuperar um organismo semelhante como o SEG. Com vida só simbólica a partir de 1978, dentro do IGI.

IMPORTANTE NÓMINA DE MEMBROS :

Se deitamos uma olhada sobre a listagem de publicações e os diretores das diferentes seções do SEG, ficamos profundamente impressionados pelo alto valor e interesse dos trabalhos de pescuda e a grande valia e dignidade das pessoas encarregadas de dinamizá-lo. Pensando sempre na Galiza, sem partidismos e seitarismos, tão presentes nos tempos atuais. Vultos importantes têm obra publicada no SEG : Cabanilhas, Carvalho Calero, Castelão, Cotarelo Valhedor, Filgueira, Bouça-Brei, Cuevilhas, Fraguas, Macinheira, Lourenço Fernandes, Boo Pita, Lanza, Outeiro Pedraio, Pardo, Pérez Bustamante, Tobio Roca, Tobio Fernandes, Carro Garcia, Gómez Moreno, Vicente Risco, Portela Paços, Arias Sanjurjo, Ramóm M^a Alher, Parga Pondal, Garcia Blanco, Iglésias, Ferreiro Cid, Gómez Martínez, e mesmo os

portugueses Cardozo e Serva Pinto. Todo um luxo de nómina de investigadores de grande categoria nos seus diferentes

campos de especialização. Os diretores das distintas seções do SEG eram, nada mais e nada menos, que Castelão (Arte e Literatura), Cuevilhas (Pré-História), Cabeza de Leão (História), Carro Garcia (Arqueologia e História da Arte), Outeiro Pedraio (Geografia), Risco (Etnografia e Folclore), Luis Iglésias (Ciências Naturais), Parga Pondal (Geologia), Luís Tobio (Ciências Sociais, Jurídicas e Económicas), Cotarelo (Filologia), Filgueira (História da Literatura), Gómez Román (Ciências Aplicadas) e Díaz Rozas (Pedagogia, Educação e Ensino).

Temos, por tanto, que recuperar o SEG e editar os seus trabalhos de forma facsimilar, tal como fez não há muito tempo a Deputação de Ourense, em colaboração com o Museu do Povo Galego, ao re-editar o último trabalho do SEG de 1936 sobre a nossa Paróquia de Velhe. E pô-lo em funcionamento de novo com as suas antigas seções, incorporando outras novas adaptadas aos tempos culturais que vivemos. Colocando na direção das mesmas a pessoas com valores humanos, intelectuais e científicos, nas diferentes áreas. Sem partidismos, amiguismos e seitarismos tão típicos nesta Nossa Terra. Para evitar que entrem "filisteos" e mediocres que terminariam por fundir o novo SEG.



Por Rafael José Adalid Rodríguez

Perdas da tradición oral

No tratamento desta temática, debemos expor que tanto a tradición como a expresión oral non só enmarcan o contido, senón aquilo que florece ao compás do seu arredor, de todo o que axuda e intervén no proceso de transmisión: xestos, entoacións...

É obvia a comprobación de como as pólas da árbore patrimonial están vencendo. Mais cómpre sinalar... Cales son os factores que inciden neste proceso fatídico?

Se ben o código cifrado da escrita actúa recompilando aspectos da oralidade, no momento en que esta suple á forma falada como medio de comunicación, prodúcese un cambio dese mesmo proceso de conversación. Un exemplo fácil e claro, observámolo no troco entre o teléfono fixo e as aplicacións do móbil que permiten comunicarnos pola escrita, sendo substituída esa comunicación oral da primeira pola segunda. É certo que certas tecnoloxías introducen modalidades

de diálogo que permiten ver ao/á compañeiro/a co/a que falas, pero a naturalidade dela muda por completo.

Porén, os factores tecnolóxicos poderían ser un dos causantes de propiciar esa perda. Xa apenas nos xuntamos para conversar, facémolo para ver o fútbol, unha película... De non quedar a mudez como resposta perante a absorción do móbil.

A estrutura familiar ou a importancia da familia, onde os avós e as avoas xogaban un papel relevante, vese totalmente mudada. Se antes convivían tres-catro xeracións na casa ou ao carón dela, agora o máis normal é que o fagan só dúas. Polo que os/as nenos/as pasan menos tempo cos maiores. Amais, se visualizamos cal é a relación actual entre eles, a veces vemos que ao traballaren os pais se empregan aos/ás avós/avoas de recadeiros/as entre actividades extraescolares e outras. Estas accións dan lugar a que a transmisión oral na con-

vivencia entre maiores-novos/as, se faga complicada.

De forma clara, cómpre relucir a causa da perda de poboación no rural e o seu desmantelamento, pois a nosa cultura é principalmente rural. Por conseguinte, diminúen os traballos tradicionais, os cales levaban consigo a creación de cantos ou técnicas de traballo propias de cada labor, que xa se pode dicir que esvaeceron.

Unha das formas polas que se produce a perda da poboación, aparte de pola escasa inversión e dos nulos servizos públicos no rural, é por mor da migración cara ao exterior, ben ao estranxeiro ou para as cidades.

Exporemos que, unha característica conxunta a todas as culturas, é que son perimeables. Polo que a globalización, xunto co cambio social producido pola introdución de novas culturas: no ámbito comercial, educativo... fan que se vexan, en parte, alteradas.

Todo isto, non sería posible sen a estimada axuda do noso compromiso social, a

vontade de esquecer ou o estigma social ao que nos podemos ver enfrontados cando contamos unha lenda, falamos dalgún personaxe mitolóxico...

Existen formas de parar esta sangría? Aínda que pareza difícil, é obvio que si. Calquera medida de resistencia e loita contra a perda cultural dependerá da iniciativa persoal e da vontade de cada un/ha. Neste momento, tal e como vamos é precisa a recuperación e a difusión cultural, até que se traballe de forma efectiva coa concienciación cultural dentro do paradigma social, aspecto que é a chave deste proceso.

Danse ao longo do territorio galego iniciativas individuais e sociais; públicas, subvencionadas e do ente privado. Un claro exemplo é a Arca da Noe, espazo no que emerxe a inmaterialidade do patrimonio, e no que foliadas, bailes, concertos, contos e exposicións artísticas cumprimentan a proba de produtos locais.



A transmisión da memoria

Cando coñecín o borrador do Atila no Grove, o libro de Antón Mascato sobre a persecución franquista na súa vila de nacemento, que é península e case illa, nunha primeira impresión establecín unha relación, coído que tampouco desatinada, entre o título e o segundo dos tres álbumes da guerra de Castelao, o Atila en Galicia, publicado polo comité nacional da CNT en Valencia en 1937. Como saben, os outros tituláronse Galicia mártir, editado no mesmo ano e cidade polo Ministerio de Prensa e Propaganda do goberno da República, e o derradeiro da serie, Milicianos, veu a luz en 1938 en Nova York mercé á Fronte Popular Antifascista Galega.

Souben, ao lelo, que a referencia do Mascato era indirecta a Castelao e tiña a súa orixe nun artigo e no proxecto dun libro nunca realizado, escrito, o primeiro, e imaxinado, o segundo, por Manuel Lueiro Rey. O artigo publicouse en 1986 no semanario A Nosa Terra; un bosquejo da capa do libro “non nato” reproducíase nas primeiras páxinas do homónimo, convertido en realidade, corenta anos despois, por Antón Mascato. Evidentemente o libro actual é moi diferente do que, imaxinamos, podería pensar e realizar Manuel Lueiro, máis escritor que investigador, dono dunha “experiencia vivida”, como diría W. Benjamin, en contraste co lento, canso e esforzado traballo, de

case tres décadas, de Antón Mascato, que converte en “experiencia transmitida”, como tamén diría Benjamin, as “memorias vividas” para convertelas en Historia e tamén para dificultar a pretensións de elaborar “experiencias transmitidas” homoxéneas e dominantes a partir das memorias interesadas do consenso da “transacción” de 1978. Así pois o libro de Mascato está engarzado nesa tradición memorialista, e continúa o labor de luminaria do artigo e do esbozo de Lueiro que tan fonda impresión deixara no noso autor cando mozo.

Como dixen, o título escollido non me remitiu a Lueiro, por descoñecemento, senón que o entendín como unha chiscadela ao álbum de Castelao. Mais, na miña memoria persoal, abrollou outro Atila, neste caso dito Attila.

Explícome. Durante moitos anos proxectáballe ao meu alumnado, como remate do tema de entreguerras (1914-1945) o coñecido, e longo, filme de Bernardo Bertolucci, Novecento, síntese da historia europea da primeira metade do século XX dende unha vila rural da Emilia-Romaña. Sempre me agoniaban as dúbidas, tanto polo longa metraje e o pretendido carácter panfletario do filme, como polas incertas opinións dos compañeiros e compañeiras do seminario. O vai-non vai resolvíase polo levantamento popular do alumnado que esixía o dereito a

ollar a película como os do curso anterior.

Descoñezo se Bertolucci se inspirou no Atila en Galicia de Castelao, para bautizar como Attila a personificación do fascismo, da brutalidade, do servilismo ante o capital, da dexeneración moral... enfardado no seu flamante uniforme negro, ao que lle puxo rostro Donald Sutherland. Mais tamén lle poderían servir de modelo algúns dos Atilas que, con nomes e apelidos, o Mascato arrinca das “memorias vividas” para convertelas en “memoria transmitida”. Non desmerecen en nada as brutalidades que desvela o noso amigo meco daquelas recollidas por Bertolucci: as pancadas e matanza do señor Francisco “O carniseiro”, na amañecida, ao pé dunha das fontes da vila; as dolorosas ganas de vivir, co rostro esnaquizado polo disparo de Atila, de Ricardo Figueiro; o asasinato, en data xa afastada do remate da guerra e aínda máis do inicio da cacería dos demócratas e republicanos de distintas ideoloxías, en 1948, de Paco García Moldes, pegándolle un tiro nun bar da vila, despois de baixar o machete da luz para que non se vise quen dos dous alí presentes apertou o gatillo.

Antón Mascato, autor deste magnífico Atila no Grove, foi tecendo e destecendo ao longo de décadas as “memorias vividas” e converténdolas en “memoria transmitida”, deixouno repousar durante algún tempo para trouxalo, con sosego, e ofrecernos a nós, e ás xeracións vindeiras, un anaco da memoria meca, da traxedia meca, transformándoa en relato histórico. Nun bo



relato histórico, útil, non só para os interesados no que aconteceu nun anaco do noso territorio durante a persecución desatada tras o golpe militar fracasado; non só para as persoas interesadas no coñecemento en detalle deste período histórico, senón, tamén, para aquelas persoas interesadas nun elaborado relato histórico que foxe da perversa confusión, sobre a que xa nos advertira Hobsbawm, de confundir historia e literatura. As obras literarias deben saír da imaxinación espremida dos seus autores ou autoras e evitar a tentación de procurala na historia, aínda que esta a teña en exceso; ao tempo que o relato histórico debe atender con oficio as virtudes literarias. Este é o caso.

Por Ramón Coira Luaces

Só temos a palabra

A cudo a Manuel María para titular este texto, porque el defendeu o idioma e o valor da palabra. Cando fun funcionario de prisións sempre tiven a quen apoiar ou en quen apoiarme. E loitamos ou traballamos en beneficio da poboación reclusa, da democracia, da nosa dignidade profesional e de Galiza. Penso que ao Estado nunca lle amolara demasiado os fas-

cistas en prisións, pero nós si. E fixéronnolos saber... Que queiran incorporar 2.000 ex-militares para traballaren nas prisións, eu interprétoos como un xeito de reforzar o autoritarismo, o españolismo e a obediencia cega aos mandos. Vulnerar o acceso á función pública en condicións de mérito e igualdade non parece ser relevante para os cerebros desta medida. Só lles digo unha

cousa: por moi intelixentes e astutos que sexades, se non sodes bos e xustos non íredes moi lonxe.

O Estado non quere conflitos lingüísticos no Ministerio de Interior, pero non respecta nin garante os nosos dereitos lingüísticos nin os d@s intern@s. Tampouco quere funcionari@s de prisións nacionalistas e moito menos que sexan activ@s, aínda que sexa no lexítimo exercicio da súa actividade sindical. É dicir, os españolistas queredes unha democracia para españolistas e un Estado tamén ao servizo dos españo-

listas. En Cataluña pódese traballar ou cumprir penas de prisión e falar e escribir en catalán e tamén podes ser nacionalista. @s galeg@s, en cambio, temos que comungar con rodas de muíño. Non é xusto. E quen fai comungar aos demais con rodas de muíño, adoita acabar comungando tamén con rodas de muíño. Coído que é unha lei universal...



O “moderado” Feijóo

O “moderado” Feijóo non critica os pactos do seu partido -o PP- coa ultradereita de VOX. El mesmo está disposto a gobernar, se a cidadanía non o impide, co fascismo autochamado “constitucionalista” de VOX. Para o “moderado” Feijóo o fascismo suma e non resta. En Galiza coñecemos ben a forma de gobernar de Feijóo. Controla a TVG e púxoas ao servizo do PP. Comprou a prensa con subvencións para

non ser albo das súas críticas. Privatizou servizos públicos, o que se nota especialmente na sanidade. Atacou o idioma galego, minguando a súa capacidade de supervivencia para congraciarse cos xefes de Madrid do seu partido. Levou a cabo unha ruínosa política forestal, na que prima o alcolito, sendo incapaz de poñerlle freo aos incendios que asolan o país. Converteu a Xunta nun perigo para o medio ambiente galego:

ENCE, minería contaminante de Touro-O Pino, campionatos de caza de raposos,... Foi tamén incapaz de poñerlle freo a emigración da nosa mocidade, deteriorando ou sacrificando as nosas bazas económicas. Non defende tampouco o autogoberno galego, nin reclama competencias. Pero iso si, defende a unidade de España, por riba da democracia, dos dereitos humanos e, incluso, da mesma legalidade (cuxos compañeir@s non dubidan en retorcer ao seu gusto, para condenar exemplarmente a quen só quixo facer efectivo -de xeito pacífico e democrático- o

dereito de autodeterminación dos pobos). O “moderado” Feijóo, chamado así pola progresía española, ten moito que ocultar (lembramos a súa amizade cun coñecido narcotraficante) e só pode presumir dunha cousa: de defender os intereses da caverna española en Galiza. Só espero e desexo que o pobo galego deixe de querer suicidarse e lle retire masivamente o apoio. Levantemos entre tod@s unha muralla de votos, que defenda o noso país e nos traiga prosperidade. E levemos ao BNG e a Ana Pontón á Xunta de Galiza.

Monforte prepara a XII Carreira Popular

O Concello de Monforte xa ten data para a décimo segunda edición da Carreira Popular e será o domingo 22 de marzo. O evento contará cunha carreira absoluta de 10.000 metros cun percorrido completamente urbano e que se estreou na pasada edición cando deu o salto á distancia de 10 km, e con catro probas de menores de 80, 700, 1.300 e 2.000 metros. Todas elas terán saída e meta na Explanada da Compañía ó carón dos Escolapios.

O percorrido da carreira absoluta é o seguinte: Saída da Praza da Compañía, Paseo de Lugo, Carude, San Lázaro, Reboredo, Dalmiro de La Válgoma, rúa escultor Francisco de Moure, Rúa Sarria, Avda. de Galicia, rúa Hortas, rúa Dr. Casares, Paseo do Malecón, Ponte Vella, rúa Antonio Méndez Casal, Praza Campo de San Antón, rúa Ourense, Avda. de Galicia, rúa Cardeal, rúa Francisco de Moure e Praza da Compañía. Trátase dun percorrido de cinco quilómetros ó que os participantes terán que dar dúas voltas.

Todas as carreiras, incluídas as carreiras de categorías menores, contarán cun sistema de cronometraxe con chip, a excepción da carreira de categoría mini que non é competitiva.



Edición do ano pasado.

Premios

Os premios que se establecen para os mellores atletas de cada categoría son os seguintes: Premios por categorías: trofeo conmemorativo do evento ós/as tres primeiros/as clasificados/as de cada unha das categorías excepto na categoría mini na que todos/as os/as participantes que crucen a liña de meta recibirán unha medalla e unha bolsa de lambetadas. Premios clasificación xeral: os/as tres primeiros/as clasificados/as da carreira absoluta recibirán trofeo. Premios económicos: os/as tres primeiros/as clasificados/as da carreira absoluta recibirán premio económico segundo as seguintes cantidades: 1º clasificado: 300 €. 1ª clasificada: 300 €. 2º clasificado: 200 €. 2ª cla-

sificada: 200 €. 3º clasificado: 100 €. 3ª clasificada: 100 €. Premios especiais da carreira absoluta: haberá premio especial de trofeo e agasallo para os/as 3 primeiros/as clasificados/as locais (empadroados/as en Monforte). Premios por equipos: recibirán trofeo os tres mellores equipos clasificados na carreira absoluta. Estes equipos deberán ser obrigatoriamente mixtos (50% homes e 50% mulleres) e estarán compostos por un mínimo de catro compoñentes (dous homes e dúas mulleres) e un máximo de 6 compoñentes (tres homes e tres mulleres). Os participantes recibirán avituallamento sólido e líquido ó finalizar a carreira así como un agasallo conmemorativo do evento.

Novo aparcamento público na rúa Julio Camba

Monforte conta cun novo espazo destinado a estacionamento público e gratuito, logo do acordo ó que se chegou cun particular para a cesión de dito espazo. En concreto, o novo aparcamento ubícase nunha parcela situada na rúa Julio Camba e conta cunhas dimensións de 450 m2, o que permite ofrecer ós veciños da cidade unhas 20 prazas de aparcamento.

Este novo aparcadoiro ten un carácter provisional, pois manterase aberto ata que o titular da parcela comece as obras de reconstrución do inmovible situado nesta rúa. Estas obras deberán levarse a cabo antes de dous

anos, que é o prazo que lle deu Patrimonio ó propietario para reconstruír o edificio.

O solar no que se ubica dito aparcamento foi previamente acondicionado para tal fin, realizándose un fresado do mesmo, tras o cal se procedeu á compactación do terreo. Esta obra de acondicionamento contou cunha partida orzamentaria de 2.000 euros.

“Deste xeito” declarou o alcalde “con este novo espazo dende o equipo de goberno do Concello seguimos dando resposta ás necesidades de aparcamento na nosa cidade, habilitando un novo espazo de estacionamento gratuito e público, ó servizo dos nosos veciños e visitantes”.

O alcalde de Monforte adxudicou a pavimentación da rúa do Cardeal



Estado actual da rúa Cardeal.

O alcalde de Monforte, José Tomé Roca, asinou a adxudicación da obra de pavimentación da Rúa do Cardeal á empresa Ovisa Pavimentos y Obras S.L.U. que presentou unha oferta por un prezo total de 280.720 euros (IVE engadido).

Esta obra, cuxo proxecto foi redactado en setembro de 2019 polo arquitecto Ramón Carlos Fernández Losada da empresa Abante, saíu a licitación o pasado 15 de novembro, cun prezo de 287.707,02 euros. Foron 11 as ofertas que se presentaron a concurso, sendo finalmente adxudicada a obra á empresa Ovisa, toda vez que presentou correctamente a documentación que lle foi requirida.

O proxecto de mellora desta rúa foi elaborado pola empresa

monfortina Abante que, tras levar a cabo varias análises en sucesivas visitas á rúa, salientou a necesidade dunha reforma integral de dita rúa do Cardeal. Este proxecto foi aprobado no Pleno ordinario municipal celebrado o pasado día 30 de setembro.

O prazo de execución será de 56 días, antes do inicio da Feira Medieval (11 e 12 de abril). O alcalde salientou que “coa adxudicación da obra de pavimentación da que é a rúa escaparate da nosa cidade, a rúa máis emblemática pola que veciños e visitantes, nalgún momento pasan, nun curto prazo de tempo poderemos iniciar os traballos de reforma integral da mesma, que agardamos estean rematados antes do inicio da Semana Santa e da Feira Medieval”.

O alcalde recibe a atletas monfortinos

O rexidor de Monforte, José Tomé Roca, recibiu no salón de plenos do Concello a diversos deportistas monfortinos que colleitaron nos últimos meses e semanas diferentes éxitos nas modalidades en que compiten. A recepción a estos 17 deportistas serviu para recoñecer publicamente o seu mérito e a importancia dos éxitos acadados. Por este motivo, cada un deles recibiu un trofeo conmemorativo personalizado. O encontro tamén serviu para recoñecer a labor dos clubs ós que pertencen algúns deles, o Club Neka e o Club Quixós.

Deste xeito, rendeuse recoñecemento e homenaxe aos se-



O alcalde cos deportistas.

guintes deportistas: Saleta Fernández López (Atletismo). Manuel Freire Rodríguez (Piragüismo). Atletas do Club Quixós: Noa Díaz Quintián, Ximena Prats Moreiras, Gabriela Corral Castro, Efrén Álvarez Vázquez, Alberto Lugilde Montesino. Atletas do

Club Taekwondo Neka: Daniel Areán Grejs, Aitor Teijeiro Elidio, Inés Casal Peña, Alicia Castro Regal, Laura Álvarez Suárez, Elena Varela De Fátima, Alejandro Losada Rodríguez, Marco García Martínez, Karla Novo Taboada e Carlos Rey Cuadrado.

Monforte conta con tres novos policías municipais

José Tomé Roca, en calidade de alcalde, presidiu a toma de posesión coma funcionarios de carreira de tres novos policías municipais da cidade do Cabe, que pasan a pertencer ó cadro de persoal do Concello de Monforte de Lemos. Os tres novos axentes da Policía Local de Monforte son Antonio Portela González, natural de Vigo, Óscar José Lorenzo Pérez, natural de Ferrol, e José Olaf Fernández Fuente, natural de Monforte. Deste xeito, dende hoxe ocupan a súa praza no Concello de Monforte, encadradas na escala de Administración Especial, escala básica, na categoría de axente de Policía Local, grupo C1.

Os tres axentes superaron en abril de 2019 o proceso selectivo que por entón abriu o Concello para a cobertura de 3 prazas da Policía Local de Monforte. Deste xeito, os tres axentes iniciaron



Os novos policías co alcalde.

un proceso formativo na Academia Galega de Seguridade Pública de A Estrada que alternaron con diversos períodos de prácticas no propio Concello de Monforte. A finais do pasado ano, os tres axentes superaron satisfactoriamente o seu proceso formativo polo que a súa incorporación como funcionarios ó Concello púidose materializar finalmente a principios do presente ano.

Acompañado pola primeira

tenente de alcalde, Gloria Prada, o secretario do Concello, José Mourelle Cillero, e o xefe da Policía Local, Miguel Martínez, o alcalde departiu cos tres novos axentes sobre o funcionamento do corpo da Policía Local e outros aspectos relacionados coas súas funcións na cidade e no conxunto do Concello. E tamén lles desexou moita sorte nesta nova etapa que comezan ó servizo dos cidadáns de Monforte.

Monforte concedeu subvencións á creación de empresas

A Xunta de Goberno do Concello de Monforte aprobou a concesión de subvencións á creación de empresas e postos de traballo neto en 2019. Esta liña de axudas enmárcase no programa de "Promoción do emprego" ano 2019, que tiña como obxectivo principal fixar poboación no Concello e contribuír a un crecemento sostible, promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego.

A estas axudas puideron acollerse empresarios e empresarias individuais, así como pequenas e medianas empresas (PEME's), independentemente da súa forma xurídica, que iniciasen a súa actividade empresarial entre o 1 de novembro de 2018 e o 31 de outubro de 2019.

O alcalde, José Tomé Roca, sinalou que "con este programa de

fomento da iniciativa empresarial no Concello de Monforte de Lemos, buscamos colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos empresariais e que permitan ademais a creación de novos postos de traballo".

A contía destinada a estas axudas para subvencionar parte dos gastos da posta en marcha e do funcionamento das empresas durante os primeiros meses de actividade no ano 2019 ascendeu a un total de 25.000 euros. O importe máximo destinado foi establecido nun máximo de 1.500 € por beneficiario, non podendo superar o 50% dos gastos efectuados durante o período indicado. Esta contía incrementouse nun 25% no caso de que a persoa beneficiaria fose muller ou persoa con discapacidade; foi así en 2 casos, que percibiron un importe de 1.875 € cada unha.

A Xunta axuda á posta en marcha de trece novas empresas

A Consellería de Economía, Emprego e Industria destinou no último ano 776.000 euros a trece emprendedores lucenses para a posta en marcha doutras tantas novas empresas na provincia, que mobilizan un investimento global de 1,4 millóns de euros. O delegado da Xunta, José Manuel Balseiro, informou das liñas de impulso ao emprendemento que xestiona o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), acompañado por algúns dos últimos beneficiarios, que están xa materializando o seu proxecto. Participaron Teresa Calvo, de Calmega Mayores, que abre un centro de día no Concello de Lugo; Iván Prado, de Arborejardin, que inicia tamén na capital unha liña de negocio para compostar restos de poda e similares; Héctor Silva, de Vigo10 Servicon, que instala en Monforte de Lemos unha consultora para empresas especializada en cuestións medioambientais; e Ana Fraga, de ProcessVet Laboratorios, que en febreiro inaugura un laboratorio de anatomía patolóxica veterinaria en Burela.

Balseiro explicou que cinco empresas están situadas na comarca de Lugo -tres



As axudas corresponden aos programas Galicia Emprende e Galicia Rural Emprende.

na capital, unha en Outeiro de Rei e outra en Portomarín-, outras cinco na Mariña -tres en Viveiro e dúas en Burela-, dúas en Monforte de Lemos e unha última en Samos. A axuda da Xunta supón como media o 53% do investimento subvencionado, aínda que oscila segundo diversos criterios e, nalgúns casos, chega practicamente ao 100%.

Plans

A maioría dos proxectos acolléronse ao programa Galicia Rural Emprende, para a creación de empresas de actividades non agrícolas en zonas rurais. En Lugo foron

11 beneficiarios que suman 700.000 euros de axuda e un investimento mobilizado de 1.179.100 euros. A axuda consiste nunha prima básica de 20.000 euros que pode incrementarse ata un máximo de 70.000 euros, atendendo a criterios como o investimento realizado; de feito, na provincia alcanzaron a contía máxima sete das once propostas.

As outras dúas achegas corresponden ao programa xeral Galicia Emprende, que xa non require vinculación específica co rural; suman investimentos por valor de 274.300 euros e axudas por 76.300 euros.

Mascaras de Taboada para China e Xapón

Comercial Mida é unha tenda de Taboada especializada en venda de produtos agroalimentarios que hai anos decidiu abrir o seu mercado a internet para sobrevivir á crise e adaptarse aos novos tempos. Entre as súas existencias hai máscaras das que vendeu 50.000 e esperaba enviar aos seus clientes outras 100.000 co fin de previr a enfermidade de coronavirus.

Un envío desde Taboada a China tarda uns sete días en chegar, pero é difícil de precisar debido á dura tramitación aduaneira. A maior parte de solicitudes, di, chegan desde China.

Xapón é outro dos países asiáticos que encargou paquetes de máscaras a Comercial Mida. Europa é outro cliente importante. Alemaña, Francia, Reino Unido e Italia recibiron os artigos da firma taboadesa, do mesmo xeito que algúns puntos de España, sobre todo en Madrid e Cataluña. Galicia é das que menos compras efectuou.

Camión de emerxencias para o GES do Pereiro de Aguiar

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, fixo entrega dun novo vehículo ao Grupo de Emerxencias Supramunicipal (GES) do Pereiro de Aguiar co que reforzar o seu equipamento de emerxencias. O Goberno galego investiu case 200.000 euros na adquisición deste camión de tipo Bomba Rural Pesada (BRP) totalmente equipado para todo tipo de intervencións, similar ao que tamén recibiu a semana pasada o GES de Mugardos. O xerente da Axencia Galega de Emerxencias (Axega), Marcos Araújo; a delegada territorial da Xunta en Ourense, Marisol Díaz Moureira; e o alcalde do Pereiro de Aguiar, Luís Menor, tamén asistiron á entrega.

O novo vehículo co que contará o GES do Pereiro de Aguiar dispón



Rueda e Menor no novo camión.

de tracción integral 4x4 e pode levar no seu interior ata tres persoas para a atención ás emerxencias. Ademais, conta cunha cisterna de auga de 3.000 litros de capacidade e unha bomba centrífuga con presión combinada, o que permite o lanzamento de

auga en baixa e alta presión ou de forma simultánea de ambas. Este recurso de intervención está dotado de equipos de radio dixital homologado cos que acceder á Rede Corporativa de Comunicacións Móviles Dixitais de Seguridade e Emerxencias de Galicia.

Acondicionamento do local social de Ceboliño



Local social de Ceboliño.

Na asociación de veciños Bo Xesús de Ceboliño, realízanse obras de acondicionamento do seu local social e adquirese novo equipamento. Esta actuación contou cunha achega de 17.000 euros da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, dentro do plan específico de acción comunitaria destinada a asociacións veciñais, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños, comunidades de usuarios de augas e asociacións de mulleres rurais. A asociación realizou obras no seu local social que consistiron na substitución das portas de acceso, reforma dos seus baños, traballos de illamento e de pintura por un importe de 12.000 euros, ade-

mais da adquisición de novo equipamento -entre eles un frigorífico, unha cociña eléctrica e un sofá- cun investimento de 5.000 euros.

A delegada da Xunta lembrou que as achegas deste plan no ano 2019 deixaron na provincia de Ourense 250.000, que beneficiaron a 21 entidades dos municipios de Amoeiro, Baños de Molgas, O Carballiño, O Irixo, Lobios (3), Parada de Sil, San Amaro, Verín, Vilamarín e da cidade das Burgas (10). Concretamente no concello de Ourense destináronse este ano máis de 103.000 euros para levar a cabo actuacións nas asociacións de Santa Mariña do Monte, Barrocás, Arranxar, Carlasca, Vilar de Astres, Ponte Canedo, A Cuña e Cabeza de Vaca.

Sendas peonís na Derrasa

A Xunta licitou as obras de construción de sendas peonís no termo municipal do Pereiro de Aguiar. Contempla a execución dunha senda peonil e ciclista na estrada OU-537, de 2.030 metros de lonxitude na zona dos parques empresariais, e doutra na OU-536, de 1.030 metros de lonxitude ao seu paso pola localidade da Derrasa.

No caso do itinerario peonil na OU-537 trátase dunha senda compartida de ancho variable, pola marxe esquerda da devandita calzada, sendo o mínimo de 1,80



m. Doutra banda, o itinerario peonil na OU-536 trátase dunha senda compartida de ancho variable, pola marxe esquerda da devandita calzada, sendo o mínimo de 2,50 m.

O orzamento conxunto desta actuación cífrase en máis de 970.000 euros, dos que o 66% destinaranse á execución da senda na estrada OU-537 e o resto para a da OU-536.



C/ Ervedelo, 15 - ourense
988 23 44 99
698 14 82 07

VEN...

www.clubtosca.es

Sala de Fiestas Music-Hall



ceramos los domingos

Presentado o proxecto de reforma do complexo deportivo Monterrei

O vicepresidente da Deputación de Ourense, Rosendo Fernández; o secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete Lasa; e o alcalde de O Pereiro de Aguiar, Luís Menor, presentaron o proxecto de reforma do novo complexo deportivo de Monterrei. As actuacións que se levarán a cabo nesta primeira fase supoñen un investimento de 1.022.866 euros que inclúe as obras, a dirección de obra e a seguridade, e será financiado ao 50% pola Deputación de Ourense e a Xunta de Galicia. Rosendo Fernández dixo que “neste día histórico para a nosa provincia, o goberno provincial volve a amosar o seu compromiso co de-

porte investindo na mellora desta infraestrutura deportiva que será todo un referente”.

Pola súa parte, José Ramón Lete sinalou que o proxecto de reforma presentado hoxe refírese á zona deportiva do complexo, diferenciada da zona acuática, e “licitarémolo a finais deste mes e esperamos empezar as obras neste primeiro trimestre de ano para poder inaugurar para o verán a zona deportiva do complexo”.

O arquitecto Óscar Menor explicou que este proxecto ten como obxectivo fundamental executar varias pistas polideportivas onde se poden albergar nun futuro os usos que agora mesmo se desenvolven nas actuais e que coa

execución do novo parque acuático serán eliminadas. O novo complexo de Monterrei contará cunha pista de pump track cuberta, dúas pistas de pádel descubertas e dúas cubertas con céspede artificial, unha pista de tenis descuberta e outra cuberta con céspede artificial, unha pista polivalente e cúbrese toda a grada da pista de atletismo.

No relativo á zona acuática, Jose Ramón Lete asegurou que se está a “estudar o plan de necesidades para esta zona que será independente e de uso estacionalizado”. O proxecto referido a esta parte do complexo “esperamos licitalo neste primeiro trimestre do ano e constará de tres fases dife-



O proxecto presentouse na entrada ás instalacións deportivas.

rentes: a piscina familiar, a piscina infantil e os tobogáns de adrenalina que será un engadido para convertelo nun referente de ámbito nacional”, explicou o secretario xeral para o Deporte. O investimento destinado ás obras da parte acuática do complexo, que se espera que estea completamente rematada antes do verán de 2023, ascende aos 8.809.566 euros.

O alcalde, Luís Menor, lembrou a importancia que tivo para o crecemento do municipio do Pereiro de Aguiar a creación do complexo deportivo de Monterrei afirmando que “no seu momento foron unhas instalacións pioneiras que permitiron que O Pereiro de Aguiar comezara a medrar e a modernizarse, converténdose no noso gran centro de referencia”.

Ríos de nove parroquias de Viveiro serán limpiados

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará o vindeiro 3 de febreiro un proxecto de conservación fluvial que afectará a 6,1 quilómetros dos ríos Landro, Traspota, Loureiro, As Nogueiras e Loiba ao seu paso por nove parroquias do Concello de Viveiro. Augas de Galicia actuará sobre case 3,7 quilómetros do río Landro en distintos puntos das parroquias de Chavín, San Pedro de Viveiro, Landrove, Magazos e Galdo. Tamén nun quilómetro do río Loureiro, en Valcarría e San Pedro de Viveiro; 550 metros do Traspota en Viveiro - á altura do Camiño do Campo da Urraca-, 270 metros do Loiba en Covas e 600 metros das Nogueiras en Celeiro.

Os principais labores consisten na retirada de árbores, ramas caídas e madeira morta no curso fluvial. Tamén se van realizar desbroces selectivos de especies arbóreas e arbustivas en ribeira e marxes nos tramos nos que o leito do río quede oculto -parcial ou totalmente- pola maleza.

En ocasións, complementarase os traballos con rareos ou podas en zonas con gran densidade de especies arbustivas, con crecemento



Preténdese evitar retención de arrastres de crecidas.

e cruzamento cara ao leito. No río Nogueira vaise aplicar un procedemento para evitar a propagación da especie exótica invasora Acacia Dealbata, xa que se detectaron exemplares caídos ou inclinados sobre o canle. Neste caso, os desbroces reduciranse ao necesario para permitir o tránsito das augas e, ao mesmo tempo, manter as condicións de sombra que dificulten o desenvolvemento desta especie.

Augas de Galicia realiza un seguimento constante da situación dos ríos e programa as intervencións alí onde se detectan as necesidades. Durante o pasado ano, actuou en 40 quilómetros de curso fluvial nos sistemas de explotación da ría de Ribadeo, Río Grande, Masma, Landro e Ouro; isto é, actuou en todas as concas da súa competencia, que coinciden coa área xeográfica da Mariña.

A Deputación investirá 240.000 euros na mellora de servizos e infraestruturas



Reunión da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo.

A Xunta de Goberno da Corporación Provincial aprobou a sinatura de convenios de colaboración da Deputación con cinco entidades de Mondoñedo, Viveiro, Cospeito, Foz e Lugo por un importe conxunto próximo aos 240.000€. Por un lado, a Deputación firmará un convenio de preto de 150.000€ co Concello de Mondoñedo para a mellora de diversas vías: nos núcleos de Cesuras, Curuxeiras, San Pedro, Cabana, Vilar e entre a LU-124 e o barrio O Couto de Outeiro.

A Deputación tamén aprobou un convenio co Concello de Viveiro por case 17.000€ para a redacción do pro-

xecto técnico das obras de urxente necesidade no cemiterio municipal.

Por outra banda, a Xunta de Goberno deu o visto bo a convenios co Club Sociedade Deportiva Muimenta por importe de cerca de 30.000€ co fin de renovar a instalación eléctrica no campo de fútbol O Pichón da localidade; co Colexio Fundación Martínez Otero de Foz para a pavimentación do patio por 20.800€; e coa asociación de veciños, comerciantes e industriais da Milagrosa por importe de 20.000€ para sufragar os gastos dunha acción de dinamización e potenciación deste barrio emblemático de Lugo.

Entrevista

Por Moncho Mariño

Mario Cortizo, da Banda de Lombás

A Banda de Lombás: “Non queremos simples espectadores, queremos ver á xente bailando”

A música tradicional parecía estar pechada dentro dos corsés do folck e grupos de danza. A Banda de Lombás nace coa intención de romper esa concepción para que a xente baile como lle guste, para que goze da festa como se fixo sempre, bailando no campo cada quen con quen queira. Falamos con Mario Cortizo, un dos integrantes da Banda que ademais, fixo a súa carta de presentación cun vídeo subido ás plataformas dixitais.

-Que poden esperar as persoas que vaian ver á Banda de Lombás?

Pois a xente verá unha banda con ganas de facer bailar á xente, de facer festa e de facer romaría basicamente. Queremos revivir o que eran as bandas populares que están moi presentes na música de base en Galicia. É unha canteira moi grande para novos músicos aínda que logo o mundo profesional se esquece moito do seu valor. Eran aquelas bandas que se escoitaban nos terreos, nos campos da festa. Eran conxuntos de oito ou dez persoas que ían facendo música bailables. Iso é o que estamos recuperando, a sonoridade dunha banda de vento e o seu repertorio e o baile.

-Cales son as novidades que ofrece a Banda de Lombás?

Estamos traballando en recoller repertorio tradicional ademais de composición propia. A novidade está moito dentro do tratamento

da percusións. Centrémonos na rítmica da música galega, sobre todo a súa percusión. A nivel de escenario a percusión colle un papel fundamental. A sonoridade da banda ten unhas harmonías e unhas cores tamén novidosas, mais respectando a estrutura do baile. Iso foi unha cousa que se esquecera no grande bum do folk, esqueceron que debaixo do palco debiera de haber xente. Non queremos simples espectadores, queremos ver á xente bailando e gozando da festa.

-Non sodes moi conservadores cos vestidos e roupas das persoas que formades a banda.

Queremos avanzar e traer algo novo. A tradición está aí, mais nós queremos aportar algo novo. Os instrumentos de percusión son os tradicionais mais que se tocan con técnicas contemporáneas. Ese mesmo concepto queremos levalo á vestimenta. Por fortuna nos últimos tempos estanse a diluir os



roles de xénero no baile tradicional. Non hai filas marcadas de homes por un lado e mulleres polo outro. Queríamos romper dentro dese terreo, foi coller esa inspiración da roupa tradicional, darlle máis cor e romper como pode ser o chaleque, tradicionalmente masculina, e na nosa banda pode verse nun home e muller. O mesmo que os panos tradicionais para as mulleres, que tamén levan os homes. Non o facemos por chamar a atención, senón por facer cousas con naturalidade. Tratar a tradición como fonte mais sen conservadurismo. Por sorte están a mudar as normas do baile.

-Sodes en total oito persoas, como se consegue artellar e levar para adiante un grupo como este?

Estiven traballando nun proxecto chamado Gelría, que se moveu moito por Galicia. Nos últimos tempos vin que a xente quere festa e as festas fanse con produtos grandes, digamos. Non sei porque parece estrano que vexas a oito persoas sobre un escenario, cando as orquestas de berbena algunhas teñen vinte persoas ou por aí, e son moito máis caras. No caso de bandas como a nosa, con instrumentos melódicos, tes que ter xente para que iso funcione e soe. Nós quedamos en oito persoas que era o número tradicional que se vía nas aldeas. Nós tomamos o nome dunha escena dun relato do libro de Manuel Rivas Que me queres amor? Nese relato, Un saxo na névoa, Rivas describe como eran esas bandas e nós recolleamos a

súa descrición.

-Como presentastes este proxecto?


Fixeos un videoclip que está dispoñible en Youtube, con dous temas en audio en plataformas dixitais. Dentro duns días sairá un novo vídeo. Mais o primeiro vídeo é a nosa carta de presentación para poñernos a facer concertos durante o verán. Polo de agora estamos pechando. O vídeo de presentación foi unha festa que fixemos en decembro para darnos a coñecer e para que a xente que está debaixo do palco se sinta integrada, por iso trouxemos un fogueteiro e un pulpeiro, para facer as romarías como se facían tradicionalmente, mais con xente nova e que bailen como gusten e coa roupa que queiran.

Humor

MARTIRENA




MARTIRENA




As rentas altas comen xamón e os pobres comen os osos do xamón. ¿Pode unha tasa á comida basura cámbialo?




35 anos de "Yo te saludo Maria", a película de Godard





Carmen Calvo ningunea aos bispos escenificando unha negociación directa co Vaticano



As mentiras do PP e VOX sobre o veto parental



O goberno logra a súa primeira victoria política coa subida do salario mínimo.



FUCO PRADO



Especial Xantar

Xantar, única feira internacional de turismo gastronómico acreditada da Península Ibérica

Xantar 2020 foi presentado en FITUR como a única feira internacional de turismo gastronómico de España e unha das catro internacionais de turismo do país. Xantar presentará un completo programa de actividades e unha ampla oferta en restauración que proxectará unha imaxe de calidade e sustentabilidade do turismo enogastronómico da Península Ibérica.

Outra das grandes novidades desta edición será a promoción internacional da Ribeira Sacra e o apoio á Candidatura desta a ser incluída como Patrimonio Mundial da UNESCO en 2021. A Ribeira Sacra contará cunha caseta promocional do Consorcio de Turismo e de varios concellos incluídos nesta zona, cun restaurante liderado polo concello de Parada de Sil e coa presenza do Consello

Regulador da Denominación de Orixe Ribeira Sacra. O protagonismo da Ribeira Sacra nesta edición vén amparado polas deputacións de Ourense e Lugo e Xunta de Galicia.

A presentación de Xantar 2020 en FITUR contou coa participación da directora da Axencia de Turismo de Galicia, Nava Castro; do vicepresidente executivo de Expourense e tenente alcalde de Ourense, Jorge



Presentación de Xantar en Fitur.

Pumar; o presidente da Entidade de Turismo Porto e Norte, Luís Pedro Martins; o presidente do Clúster de Turismo de Galicia, Cesáreo González; a embaixadora de

Costa Rica en España, Helena Cochacón; a representante de FEMULP de Perú, Giovanna Cheglio; e a delegada territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Marisol Díaz.



A Illa de Ons e Guimarães, novidades en restauración de Xantar 2020

BOAGA presentará un prato elaborado coas sete razas autóctonas recoñecidas

Xantar 2020 ofrecerá a oportunidade de gozar da gastronomía de distintas rexións de España e Portugal a través dos 15 restaurantes que van participar nesta edición do Salón Internacional de Turismo Gastronómico, que se celebra en Expourense entre o 5 e o 9 de febreiro. A participación de Illa de Ons (Pontevedra) e de Guimarães (Portugal) serán as dúas grandes novidades en restauración, á que se suma o regreso da Baixa Limia (convertida agora en Xeodestino) con restaurante propio. Destaca tamén o menú presentado pola Federación de Razas Autóctonas de Galicia (BOAGA) que incluírán un prato elaborado coas sete razas autóctonas recoñecidas.

O menú ofrecido por Illa de Ons e defendido por un dos restaurantes da illa, terá ao polbo como produto estrela dun menú que inclúe ademais outros peixes

e mariscos que recollen a tradición da cociña de pescadores das Ons, os seus sabores e elaboracións. A outra gran novidade é a participación de Guimarães, (Portugal), que participa cun restaurante local que conta co apoio desta cámara municipal portuguesa. No seu menú non faltará nin “o bacallhau”, nin o viño verde nin a repostería tradicional.

A provincia de Ourense, sede de Xantar desde hai 21 anos, estará representada por cinco restaurantes. Ourense cidade contará con dous restaurantes, un que representa á Capital Termal e outros denominado “Sabores de Ourense” que presentará un menú baseado na selección de petiscos gañadores dos concursos “Sabores de Outono” e “Sabores de Primavera” organizados pola Concellería de Turismo de Ourense.

Non faltará a esta cita o INOR-DE que como é habitual ofrecerá

un menú apto para todos os petos baseados en produtos de calidade quilómetros cero e que conta coa colaboración de grandes empresas do sector agroalimentario da provincia. Doutra banda, o Xeodestino Terra de Celanova Baixa Limia reincorpórase con forza a Xantar e contará cun dos restaurantes desta edición.

A Ribeira Sacra terá un protagonismo destacado en Xantar 2020 e a nivel restauración estará representada polo restaurante de Parada de Sil que ofrecerá dous menús contundentes: o primeiro cun cocido completo e o segundo inclúe carne de “Boi Galego”.

Portugal

Portugal será un dos grandes protagonistas de Xantar 2020 coa masiva presenza de destinos enogastronómicos de todo o país, de Norte a Sur, que participarán como expositores. A oferta en restauración nesta edición estará concentrada na rexión de Porto e Norte e, ademais de Guimarães, participarán os restaurantes de Braga e Vila Real, amparados por senllas cámaras municipais. Levan



Stand de Boaga na edición de 2019.

xa varias edicións participando con moi boa acollida por parte do público de Xantar que aproveita a súa visita á feira para gozar da mellor cociña portuguesa.


A oferta en restauración de fóra de Galicia complétase co restaurante de Castela e León que inclúe o tradicional lechazo ao forno.

A gastronomía de Galicia, a segunda motivación pola que o turista a elixe como lugar de visita estará representada en Xantar 2020 por 11 restaurantes que presentan todas as opcións para gozar do mellor da comida galega e en cuxos menús están representadas numerosas das 300 festas gastronómicas que se celebran nesta comunidade, ademais de incluír produtos amparados por

distintas denominacións de orixe, indicacións xeográficas protexidas ou outros selos de calidade específicos como “Peixarías”.

Os amantes do marisco e os peixes frescos poderán elixir entre o xa mencionado menú de Illa de Ons que se suma á oferta presentada xa desde fai varias edicións de “Porto da Guarda” que ten á lagosta como protagonista ou a “Beluso- Ría de Pontevedra” co seu arroz con bogavante como prato principal.

A Galicia interior estará representada polo menú ofrecido por Vila de Cruces onde destaca o seu “Galo de Curral” e por “Condado Paradanta” que volve apostar polo salón despois da gran acollida que tivo a súa participación por primeira vez na última edición.



Especial Xantar

Redacción

O Estado mexicano de Coahuila participará activamente en Xantar 2020

No marco de FITUR-Madrid, a secretaria de Turismo, Guadalupe Oyarvides, e a directora de Xantar, Emma González, asinaron un acordo de colaboración que garante a promoción da súa gastronomía e os seus famosos viños na única feira internacional de turismo gastronómico de España.

O Estado de Coahuila de Zaragoza, México, terá unha participación destacada en Xantar 2020, a única Feira Internacional de Turismo Gastronómico acreditada polo Goberno de España. Esta participación xorde por mor da firma dun convenio de colaboración

entre Xantar e o goberno deste estado que tivo lugar no marco de FITUR-Madrid. A firma deste documento correu a cargo da secretaria de Turismo de Coahuila, Guadalupe Oyarvides, e da directora de Xantar, Emma González.

A participación de Coahuila inclúe a promoción internacional como destino turístico e a celebración de catas dos seus coñecidos viños. Con este convenio dáse un salto ao sector da gastronomía a unha estreita colaboración que desde hai anos mantén o Estado de Coahuila e a Fundación Expourense e que tivo o seu momento máis representativo en

2016 cando se celebrou Termatalia México en Saltillo, capital de Coahuila.

Viños de Coahuila

Coahuila de Zaragoza é o berce da vitivinicultura en América cunha tradición de máis de 422 anos de historia, establecéndose as primeiras vides na rexión de Parras de la Fuente. Recoñecidos a nivel internacional, os "Viños de Coahuila", recibiron máis de 800 premios internacionais. Coahuila é a segunda entidade coa maior produción vitivinícola de México, con viñedos e adegas en Parras de la Fuente, Saltillo, Arteaga, Ramos Arizpe, Xeral Cepeda, To-




Emma González e Guadalupe Oyarvides, no centro da foto.

reón, Catro Ciénegas, San Buenaventura e Guerrero, cada produto reflicte a personalidade da xente do norte de México, forte, perseverante e incomparable.

A marca Viños de Coahuila é un proxecto pioneiro único en

México, formada por integrantes da Asociación Civil Provico que reúnen a 23 adegas produtoras con máis de 110 etiquetas distribuídas en nove municipios cunha produción media anual de catro millóns de botellas.



PRODUTOS 100% RAZA AUTÓCTONA

BUSCA O NOSO LOGO!

www.boaga.es



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL



Fondo Europeo Agrícola de
Desenvolvemento Rural:
Europa inviste no rural



A Casa Torre da Tinería será espazo de referencia para o turismo

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, destacou en Fitur a aposta da Consellería de Cultura e Turismo por recuperar a Casa Torre da Tinería “e transformala nun espazo referente para a promoción do turismo e a gastronomía da provincia de Lugo”. Realizou estas declaracións durante a presentación da guía “... E para comer, Lugo”, da Asociación Provincial de Empresarios da Hostalería de Lugo (APEHL), que tivo lugar no stand instalado pola Xunta na feira para acoller os actos relacionados coa oferta turística de Galicia.

Balseiro lembrou que a proposta forma parte dun “ambicioso plan” que contempla a recuperación do cuartel de San Fernando como parador cun espazo musealizado que formaría parte do museo da romanización en rede, e unha sede do Centro Galego de Arte Contemporáneo no Pazo de Dona Urraca.

O delegado gabou o esforzo da APEHL por “renovar, actualizar e facer cada vez máis atractiva a guía gastronómica de Lugo, que cumpre un importante labor de difusión turística e de promoción



A provincia de Lugo estivo representada en Fitur.

comercial dos produtos alimentarios lucenses”.

Na mesma liña, asegurou que a guía “envía a mensaxe de calidade que queremos vincular coa nosa identidade e coa nosa oferta turística”, a través de produtos como o bonito de Burela, o porco celta, a merluza do pincho de Celeiro, a tenreira galega, galiña de Mos, fabas de Lourenzán, viños da Ribeira Sacra, queixos de distintas denominacións de orixe, castañas, grelos, mel ou pataca, entre outros moitos.

Ao respecto, aludiu á estreita colaboración que existe entre a Xunta e a APEHL, con proxectos

de futuro -como o da Casa Torre-, e outros que “son realidades dende hai anos, como a promoción durante as etapas de La Vuelta Ciclista que realizan os hostaleiros coa colaboración dos produtores agroalimentarios e o patrocinio do Goberno galego”, porque estamos convencidos de que “en Lugo, moi especialmente, turismo e gastronomía deben ir da man”.

Balseiro tamén fixo referencia á promoción “dos catro Camiños de Santiago que atravesan 29 dos 67 concellos da provincia”, nesta edición de Fitur no que o Xacobeo cobra protagonismo na antesala do Ano Santo 2021.

Actos institucionais da Red de Juderías en Fitur



Representantes da “Red de Juderías de España”.

Por segundo ano consecutivo, a “Red de Juderías de España” estivo presente cun stand propio en FITUR, a Feira Internacional de Turismo que se celebrou en Madrid acto no que a cidade de Monforte estivo representada polo seu alcalde, José Tomé Roca, así como pola tenente de alcalde, Gloria Prada e a concelleira de Cultura, Marina Doutón.

O stand da Red de Juderías foi así punto de encontro para os profesionais do sector turístico e o público xeral que desexaron coñecer as numerosas

propostas de viaxe articuladas en torno á herdanza sefardí das 22 cidades que conforman a Red, e entre as que se atopa Monforte de Lemos.

A presentación institucional estivo presidida polo alcalde de Jaén y presidente da Red de Juderías, Julio Millán, quen estivo acompañado de alcaldes e representantes institucionais das cidades da Red. O acto serviu tamén para presentar a colección de Guías Turísticas da Red de Juderías, e concluíu coa invitación ós asistentes a unha copa de viño kosher español.

A Xunta inicia a demolición da lavandería e central térmica do antigo hospital

A Consellería de Sanidade iniciou, coa sinatura da Acta de replanteo, a obra de demolición da lavandería e da central térmica do antigo Hospital Xeral de Lugo, traballos que contan cun orzamento de 301.827 euros. O Servizo Galego de Saúde (Sergas) encargou á empresa pública Tragsa a execución destes traballos que teñen un prazo de execución de tres meses e que comezarán, no día de mañá, co baleirado dos inmobles e o valado de seguridade.

O delegado territorial da Xunta, José Manuel Balseiro, explicou que o obxectivo final é liberar un espazo que será o ocupado pola

futura central de biomasa que servirá para atender as necesidades enerxéticas dos novos edificios proxectados pola Xunta no Barrio da Residencia: o centro integral de saúde, a nova residencia para persoas maiores, a aceleradora aeronáutica e a oficina de emprego e formación.

Unha vez feito o baleirado dos edificios, o plan de traballo contempla a demolición completa das estruturas, retirada de depósitos de fuel, e escavación e demolición da cimentación, isto é medidas similares ás executadas no espazo que ocupaba o vello Hospital Xeral.

As dúas edificacións datan dos

anos 70 e sitúanse na esquina suroeste da parcela da antiga Residencia, na confluencia entre as rúas Serra de Outes e Orquídea. A súa eliminación favorecerá o enlace urbanístico da parcela co barrio, dado que a futura central de biomasa irá soterrada e terá o menor impacto posible na contorna.

Tamén está prevista a sinatura da acta de recepción da obras de demolición do antigo Hospital Xeral, polo que a obra se considera finalizada. O investimento realizado nestas actuación superou os 3,2 millóns de euros e supuxo actuar nunha superficie construída de 20.133 metros cadrados, incluída as edificacións auxiliares.



Novos edificios no barrio da Residencia.

Os traballos previos de demolición do antigo hospital comezaron a finais do ano 2018, e a eliminación da estrutura do edificio rematou en setembro de 2019. As seguintes semanas estiveron centradas no desentullo e en obras de adaptación do terreo sobre o que se asentaba o vello Hospital Xeral.

As instalacións do antigo Hospital Xeral de Lugo, situadas no barrio da Residencia, atopábanse en desuso tras a posta en marcha do Hospital Lucus Augusti. A súa demolición fixo posible liberar os espazos nos que a Xunta ten previsto desenvolver unha residencia para maiores, con 120 prazas públicas.

Sober convoca o concurso para deseñar o cartel da Feira de Amandi

O Goberno local do Concello de Sober convoca o seu tradicional concurso de deseño gráfico coa fin de elixir o cartel anunciador da XL Feira do Viño de Amandi, que se celebrará os días 4 e 5 de abril de 2020, de acordo con estas bases que vén de facer públicas a través da súa web e das redes sociais. Poderá concorrer toda a poboación, con traballos en formato A3 e técnica libre. Deberán ser presentados en soporte ríxido para facilitar a súa exposición. Só se pode presentar un cartel por autor ou autora.

Os deseños deben reflectir o espírito da Feira do Viño de Amandi facendo especial fincapé no sector vitivinícola e no noso patrimonio e cultura. Os traballos presentados quedarán en poder do Concello de Sober. O deseño gañador será empregado como cartel anunciador da XL Feira do Viño de Amandi, así como nos programas de man. Os restantes carteis presentados poderán ser expostos se o Concello así o considera. O cartel gañador será propiedade do Concello de Sober, quen poderá cedelo a terceiros. O autor ou autora renuncia a todos os dereitos de explotación, só conservarán os dereitos de autor para incluílo no seu currículo.

Cómo participar

Os traballos deberán ser pre-



Presentación en 2018 da Feira do Viño de Amandi.

sentados nun sobre pechado co lema do cartel, sen ningunha forma de identificación. Noutro sobre levará escrito o lema e no seu interior deberá conter os datos do autor, tales como o nome, o enderezo e o teléfono de contacto. O cartel terá que levar de xeito obrigatorio os seguintes datos: XL Feira do viño de Amandi. Festa de Interese Turístico. Sober. A páxina web www.concellodesober.com e a data de celebración, 4 e 5 de abril. A entrega de orixinais farase na Casa do Concello dende o 13 de xaneiro ata o día 15 de febreiro de 2020. O horario de entrega será de 10:00 a 14:00 horas. Tamén poden ser enviados por correo postal ao Concello de Sober.

Xurado e premio

O xurado emitirá o seu fallo 10 días despois do peche da convocatoria e o cartel darase a coñecer o 7 de marzo. Estará formado por persoas cualificadas na

materia, reservándose a facultade de declarar deserto o premio no caso de que estimase que ningún dos traballos reúne os méritos suficientes. Establécese un premio ao traballo gañador de 600 euros en metálico. Os participantes someteranse á decisión do xurado, que resolverá sobre calquera dúbida non prevista nas presentes bases. No caso de facerse unha entrega pública ao gañador ou gañadora este comprométese a recoller persoalmente o premio ou facerse representar debidamente no acto. O gañador entregará unha copia do cartel en formato dixital que permita o seu proceso informático e inserirá os logotipos das entidades patrocinadoras facilitadas polo Concello de Sober para a súa publicación, así como os logos das redes sociais institucionais. O simple feito de presentación ao concurso supón a aceptación plena destas bases.

Sober participará un ano máis en Xantar



En febreiro cumpríranse 21 anos de Sober en Xantar.

O Concello de Sober mantense fiel á súa cita con Xantar, o 21º Salón Internacional de Turismo Gastronómico que se vai celebrar en Expourense entre o 5 e o 9 de febreiro. O Concello de Sober estará presente un ano máis con stand propio para promocionar o seu produto máis emblemática, o viño de Amandi, e tamén outros recursos turísticos, como a olería de Gundivós e o seu patrimonio natural e arquitectónico; o Canón do Sil, os miradoiros ou o románico rural, entre outros.

Tamén publicitará a XL Feira do Viño de Amandi, declarada de Interese Turístico, que se vai celebrar na localidade os días 4 e 5 de abril. Como xa

ven sendo habitual Sober terá un día dedicado en Xantar, que será o domingo día 9. Nesta xornada farase unha degustación de viño de Amandi, rosca de Sober e mel, produtos todos eles típicos do municipio.

Ademais da promoción da gastronomía, Xantar tense convertido tamén no punto de encontro dos recursos turísticos das rexións participantes no salón. Sen saír do recinto o visitante pode coñecer os atractivos naturais, arquitectónicos, históricos e, por suposto, gastronómicos, dos distintos puntos xeográficos, promovidos por organismos públicos que acoden a esta cita procedentes de España e doutros países a nivel internacional.

Sober conta cunha pasarela peonil entre o Consistorio e a Cámara Agraria

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, visitou o Concello de Sober, para coñecer co seu alcalde, Luis Fernández, as actuacións levadas a cabo ao abeiro da Orde de Infraestruturas de uso público para construír unha pasarela peonil elevada que une a Casa Consistorial e o edificio da antiga Cámara Agraria. Á visita tamén acudiron a directora xeral de Administración Local, Marta Fernández-Tapias, e o

delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro.

O Goberno galego achegou 40.000 euros a esta actuación, a través da que tamén se executaron obras de reforma na planta alta do edificio da Cámara Agraria para albergar espazos municipais. Desta forma, ambas administracións contribúen a que os empregados municipais poidan desempeñar o seu traballo en mellores condicións e os cidadáns reciban un servizo

de calidade.

A Xunta tamén destinou o ano pasado case 7.500 euros na mellora da eficiencia enerxética da Casa do Concello no marco do Fondo de Compensación Ambiental. O investimento da Administración autonómica nos últimos anos no concello de Sober foi de case 430.000 euros en distintas actuacións ao abeiro das liñas de axudas da Vicepresidencia como a Orde de Infraestruturas de uso



Pasarela para peóns en Sober.

público, que a Xunta xa convocou para este ano cun orzamento de

catro millóns de euros, un millón máis que o exercicio anterior.

Os traballos de prospección en Proendos documentan un gran edificio con baños no interior

Presentáronse no Centro Sociocultural de Sober os resultados da prospección arqueolóxica con xeoradar realizada en Proendos nun acto presidido polo alcalde, Luís Fernández Guitián, no que tamén participou a empresa encargada dos traballos, Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL.



Foto cortesía de "Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL."

En outubro de 2019 realizouse unha prospección con xeoradar nos terreos da parroquia de Proendos, en Sober. No lugar existía a constancia da presenza dun xacemento arqueolóxico de gran tamaño do cal se teñen documentado numerosas pezas; como columnas, cerámicas e material construtivo. O traballo realizouse nas proximidades da igrexa de Proendos baixo a dirección de Estela Arqueoloxía e Patrimonio SL.

Resultados

O obxectivo da prospección era coñecer o estado de conservación deste xacemento, o seu tamaño e a súa posible funcionalidade. Tras a

prospección de 27.000 metros cadrados, os resultados do xeoradar foron positivos. Documentouse un grande edificio con construcións asociadas duns 3.000 metros cadrados, cunha estrutura a modo de ábsida e posibles evidencias de baños no seu interior.

Nas proximidades deste grande edificio existen outros de menor tamaño asociados a rúas ou calzadas de paso, que denotan un complexo entramado urbano en época antiga en Proendos.

Outros puntos prospectados ofrecen información sobre posibles estruturas de almacenamento, capta-

ción de auga e incluso existe unha posible estrutura defensiva a modo de foso, así como a coñecida necrópole de Proendos.

As características urbanas constatadas fan pensar en grandes edificios de cronoloxía romana xunto con fases prehistóricas e medievais. A funcionalidade e identificación dos edificios é unha hipótese ata poder realizar escavacións arqueolóxicas que contrasten os datos.

Os estudos indican que poderíamos atoparnos ante unha vila romana ou un aglomerado secundario, un pobo cun urbanismo sofisticado.

"A Mariola", centro de xogo infantil en Sober

O Concello de Sober inaugurou o centro de xogo infantil "A Mariola" emprazado na Praza do Pulpo da localidade. O acto de inauguración estivo presidido polo alcalde, Luís Fernández Guitián, e o xerente do GDR Ribeira Sacra-O Courel, Martín Alemarte. Neste primeiro día de funcionamento o centro contou ademais coa visita dos nenos e nenas do Punto de Atención á Infancia de Sober, así como daqueles que quixeron achegarse. "A Mariola" será un centro de xogo no que celebrar festas de cumpeanos e outros eventos infantís. Usuarios e familias poderán facer uso do centro de xogo de xeito gratuíto. O centro ten 90 metros cadrados e está equipado cunha área de xogo, un parque de bolas e múltiples xogos de mesa, entre outros. Tamén conta con cociña e con mesas para facer actividades ou para merendar. Tan ademais aseos, unha zona de recepción e unha sala de espera para os adultos.

O investimento realizado alcanza os 37.000 euros, cunha axuda do LEADER a través do GDR Ribeira Sacra-Courel e outra achega do Concello. O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, anima ás familias a achegarse a coñecer "A Mariola", "un novo espazo de xogo no que os nenos e nenas poden entreterse e divertirse na localidade".

Melloras na estación de tratamento de auga potable de Canabal

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de realizar, a través de Augas de Galicia, melloras na Estación de Tratamento de Auga Potable de Canabal (Sober) para incrementar os seus niveis de rendemento e a seguridade das instalacións, para o que destinou un orzamento de 32.000 euros. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, explicou que se renovaron elementos como un grupo hidráulico e unha bomba soplante, e se procedeu ao baleirado e limpeza dun dos filtros de area. Estas actuacións garanten o axeitado funcionamento das bombas de impulsión de auga e un eficaz proceso de limpeza, favorecendo o correcto aireado para remover partículas en suspensión e lodos.

Balseiro lembrou que Augas de Galicia tamén rematou recentemente no municipio os traballos que dotaron da rede de saneamento aos núcleos de Ferrón, Suairexa e O Piñeiro, na parroquia de Santa María de Bolmente, cun investimento de 243.000 euros cofinanciados con fondos Feader.

Para elo, construíuse un colector principal de 1,2 quilómetros e ramais secundarios que suman case 2 quilómetros de lonxitude, así como unha depuradora para unha poboación equivalente de 120 habitantes e outros elementos necesarios para o funcionamento do sistema de depuración.

Sober concede axudas para rehabilitación de vivendas

O Concello de Sober abre unha nova fase das Axudas á Rehabilitación de Vivendas (ARI) para aquelas persoas interesadas en facer reformas nas súas casas. A quinta fase deste programa, que en Sober comprende a todo o termo municipal, permitirá actuar en 24 vivendas cun orzamento aproximado de 200.000 euros.

A cuarta fase do programa subvencionado polo Ministerio de Fomento e o Instituto Galego de Vivenda e Solo está aínda en execución. Comprende 11 actuacións en vivendas privadas por importe de 228.000 euros, dos cales o Goberno do Estado

e o IGVS van financiar 94.000 euros.

Na cuarta fase estanse a executar obras en Villaoscura, no Castro, en Villoriz, en Sober, en Santiorxo, Barantes, Bolmente, Canabal e en Amandi.

Terceira fase

A terceira fase permitiu a mellora de 8 vivendas por un importe de 195.838 euros, dos que foron subvencionados 85.850 euros polo IGVS e o Ministerio de Fomento. Esta fase tamén contou cunha actuación pública, a urbanización do barrio de Figueiroá, por un importe de 28.099 euros, actuación para a que o Concello recibiu unha axuda de

11.900 euros.

Na terceira fase, xa rematada, fixéronse actuacións en Proendos, en Ferrón, en Ousille, en Villoriz, en Sanmil, en Cacedo, en Barantes e en Sober, na capitalidade.

O alcalde de Sober, Luís Fernández Guitián, destaca a posibilidade de acceder a estas axudas que permiten a mellora das construcións existentes, tanto por fóra como no seu interior e anima aos veciños e veciñas a informarse para poder solicitalas.

O persoal da Oficina do ARI atende no Concello de Sober os mércores e venres en horario de 09:00 a 14:00 horas.

Encontro Profesional de Música Galicia-Portugal en Verín

O Concello de Verín acollerá a primeira edición do Mumi Verín'20, o primeiro Encontro Profesional de Música Galicia-Portugal que se celebrará do 12 ao 14 de marzo. A presentación deste evento foi na Casa da Cultura de Verín, acto no que participou a deputada provincial de Termalismo, Ana Villarino; o tenente alcalde e a concelleira de Cultura de Verín, Diego Lourenzo e Emilia Somoza; o director da AGADIC, Jacobo Sutil, e os representantes de Mumi Galicia e Portugal, Manuel Vicente "Roxo" e José Costa.

Ana Villarino dixo que a Deputación de Ourense "apoia este evento que se celebrará nun te-

ritorio da raia" e solicitou que en vindeiras edicións "continúe a desenvolverse aquí porque será moi positivo para Verín e para a comarca o fluxo de visitantes que traerá consigo este evento". Así mesmo, a deputada provincial destacou a importancia que ten para o territorio "acoller este tipo de iniciativas que contribúen a promover a cultura e, consecuentemente, a nosa provincia".

O Mumi é o primeiro mercado profesional de música e cultura que se organiza entre os territorios de Galicia e Portugal e está promovido desde unha asociación integrada por empresas, profesionais e colectivos do sector musical galego e portugués; e

apoiado polo programa da Xunta "O teu Xacobeo" co obxectivo de crear unha ponte de ida e volta real e estable para as músicas de ámbolos dous países.

Galicia e Portugal

O encontro reunirá a artistas e bandas, promotoras, empresas de management, festivais, discográficas, empresas de servizos e produción, para compartir ideas, crear sinerxías sólidas, establecer novas redes de contacto e coñecer novas propostas en primeira persoa. Ademais, entre os obxectivos do encontro tamén está fixar unha axenda anual de traballo conxunto a nivel sectorial, empresarial e institucional para converterse no espazo de referencia da actualidade



Acto de presentación á prensa.

musical de Galicia e Portugal.

Esta feira contará cunha programación profesional que mesturará actividades de formación, speedmeetings entre profesionais do sector, showcases cunha selección de artistas e bandas de Galicia e Portugal, e unha feira sectorial con presenza das empresas das diferentes áreas do sector. O Camiño e o Xacobeo

2021 serán analizados como grandes xeradores de oportunidades para o sector aproveitando o seu patrimonio cultural e os espazos naturais que ofrece. Tamén haberá concertos abertos ao público xeral, nunha programación que mesturará os novos valores e as figuras xa consagradas en espectáculos multidisciplinares para público familiar e adulto.

Día da Ilustración adicado ao caldelao Cándido Fernández Mazas

As bibliotecas e escolas de arte de Galicia celebraron o Día da Ilustración, este ano dedicado ao escritor e ilustrador caldelá Cándido Fernández Mazas. Na Biblioteca de Ourense organizaron un taller de debuxo a mans de Filantropina e un encontro con Pablo Otero. A Antonio Faílde ofreceu un percorrido pola vida e obra de Fernández Mazas, a cargo de José Manuel Bouzas.

Cándido Fernández Mazas naceu en 1902 en Pedrouzos (Castro de Caldelas, Ourense) e faleceu en Ourense capital en 1942. Afundación, obra social de Abanca, mantén aberta na súa web unha ficha sobre o pintor do que sinala que é unha das personalidades máis ricas, atrayentes e interesantes da Galicia contemporánea, a pesar de que a súa curta existencia non permitiu que callase o seu enorme e variado talento de pintor, debuxante, ensaísta, dramaturgo, poeta.

Ilustrou libros de Montes e Álvaro das Casas. Cunha bolsa da Deputación de Ourense viaxou a París en 1925 e asistiu ás clases da Academia da Grande Chaumière. A súa vivacidade permitiulle dialogar con figuras como Tristán Tzara, Erik Satie e Miguel de Unamuno. Comenzou a escribir ensaios estéticos, defendendo os novos "ismos" de Europa, realizou ilustracións para Gaceta de Galicia e revista Galaxia. Retornou a París en 1927, con nova bolsa

da Deputación, e se entregou máis á literatura que á pintura, porque a súa personalidade múltiple esixíallo.

Volveu a España, enfermo física e psicológicamente, e entusiásmouse co Manifesto e a obra do grupo denominado "Os Ibéricos". Acudiu aos faladoiros de Valle Inclán e Gómez da Serna. Foi estimulado por Guillermo Torre para que prosiga a súa obra plástica. En 1931 regresou a Ourense. Un escándalo político fílle perder a bolsa da Deputación. En 1933 únese ao teatro de monicreques que montara Misións Pedagóxicas, e no que actuaban galegos como Dieste, Lorenzo Varela e Luguís. Para esta actividade realizou preciosos carteis e decorados. Volve a Madrid e expuxen no Ateneo. Intensificou os seus contactos con escritores e artistas. Durante a guerra civil foi á fronte como voluntario. Deserta, ocúltase, e é detido en Jávea. Pasou cinco meses no cárcere de Valencia, e en 1939, por influencia do seu pai, capitán do exercito franquista, e de Sebastián Martínez Risco, xuíz militar, foi liberado. Regresou a Galicia nos momentos máis duros da postguerra, e refuxiouse en Castro Caldelas. A súa precaria saúde física e mental empeorou, e dun derrame cerebral faleceu o 15 de novembro de 1942.

Fernández Mazas foi un dandi exquisito, adscrito aos modos modernistas. A pesar de ser un profundo coñecedor de Kant e

Husserl, nos seus debuxos aseméllase ao espírito delicado, ensoñador, evanescente de Saint Exupéry. En pintura gusta de figuras siluetadas, con curvas amables e mancha de tonalidade uniforme e empastada, nun mundo semellante ao da ilustración. Interesoulle o espido feminino, no que chega a estilizacións dunha morbidez inefable. As súas verdadeiras posibilidades de pintor están en obras como "Xanela ao campo", óleo de beleza simplicísima, propio dun espírito en extremo delicado e sensible, que pertence á súa estancia inicial en París, en 1925.



Proxecto de cartel de Mazas para a Caixa de Aforros.



Ribadavia non ten Plan de Urbanismo, a pesar de que a Xunta o anunciou

Ribeiro en Común asegura que a entrada en vigor do novo Plan de Urbanismo de Ribadavia que se anunciou o pasado 2 de decembro non foi tal. "Ocultouse información aos veciños e aos grupos municipais e, unha vez que a Xunta publicou o documento no DOG, fíxose público que a entrada en vigor non era real", asegura Ribeiro en Común. A dicir deste grupo, para que o PXOM de Ribadavia entre en vigor han de emendarse varias deficiencias que, "a día de hoxe, aínda están pendentes de tramitar por parte do Concello de Ribadavia".

Ribeiro en Común di ter constancia de queixas veciñais polo atraso da entrada en vigor do Plan de Urbanismo. Asegura que



O anuncio fíxose o 2 de decembro de 2019 no Concello de Ribadavia.

as deficiencias afectarán á clasificación dos chans, as áreas de repartición e as condicións que lle planten ao Concello "administracións superiores". E a todo iso engade este grupo a situación de "parálise" que o Concello mantén respecto diso, e pide ao Goberno de César Fernández, alcalde, que a entrada

en vigor do PXOM "sexa unha verdadeira realidade para o Goberno" municipal.

O día 2 de decembro de 2019 a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda Ánxeles Vázquez despachaba a orde de aprobación do Plan Xeral de Ordenación Municipal, PXOM, de Ribadavia.

O PSdeG reclama ao Concello de Ribadavia nova maquinaria deportiva

O PSdeG-PSOE levará o próximo pleno do Concello de Ribadavia unha moción na que solicita o grupo de goberno do Partido Popular que se realicen as actuacións pertinentes para a adquisición de nova maquinaria deportiva para o ximnasio sito no pavillón municipal e que se acometan as reformas pertinentes con fondos do propio Concello e de xeito inmediato, dada a alta afluencia de usuarios que pasan a diario por estas instalacións deportivas e o aumento dos mesmos nos últimos anos.

Os socialistas destacan o gran crecemento da práctica deportiva na vila nos últimos anos "pasamos

de 600 usuarios no ximnasio a case chegar o millar o fin da última lexislatura", sinala o voceiro socialista Ignacio Gómez. Un crecemento que veu motivado pola aposta férrea e decidida que o goberno do PSdeG-PSOE fixo en Ribadavia, dotando de nova maquinaria o ximnasio e aumentando a oferta de clases deportivas no mesmo. "Apostamos por unha nova empresa máis especializada en materia deportiva para xestionar as clases e adquirimos nova maquinaria coma unha cinta para correr, dous ergómetros para facer remos, 6 bicicletas estáticas para fitness e dúas bicicletas para exercicios aeróbicos", subliña o voceiro socialista.

Maceda conta cun vehículo anfíbio para atender emerxencia



Acto de entrega do novo vehículo.

Alfonso Rueda, vicepresidente da Xunta, fixo entrega ao concello de Maceda dun vehículo anfíbio a motor co que poder atender emerxencias en zonas de difícil acceso. O novo vehículo de motor, no que o Goberno galego investiu 40.000 euros,

conta con oito rodas e tracción total, ademais de cadeas para empregar en zonas embarradas e con neve. Trátase dun quad anfíbio que pode trasladarse tanto en terra como en auga e en calquera tipo de clima. Son vehículos idóneos para a prestación de apoio loxístico nas si-

tuacións onde son precisos sistemas de transporte polivalentes porque presentan vantaxes sobre outro tipo de equipamento nas actuacións levadas a cabo nas zonas de maior risco e dificultade de circulación debido á orografía ou a outras condicións extremas.

O BNG lembra ao alcalde de Ribadavia que o asociacionismo no ten local



Actual sede do Consello Regulador do Ribeiro.

O Grupo do BNG no Concello de Ribadavia insta ao Partido Popular a que faga o que no seu día pedía que se fixese cando era oposición: que o Concello recupere o inmovble da rúa Salgado Moscoso para uso do asociacionismo ribadaviense.

Trátase dun inmovble municipal no que actualmente segue situándose o Consello Regular. Pero o Consello Regulador ten previsto desde hai anos trasladarse ás instalacións que lle cedeu a Consellería do Medio Rural. Pasaron tres anos daquilo, a mudanza

segue sen facerse, o Consello Regulador segue onde estaba e as asociacións de Ribadavia sen locais, sinala o BNG.

Os nacionalistas expoñen ao rexedor municipal que resolva a situación. Xa que, unha vez recuperado o inmovble da rúa Salgado Moscoso, haberá que acondicionalo debidamente antes de instalar aquí o asociacionismo. Ademais de establecer un regulamento que determine o adecuado uso das instalacións e elaborar unhas bases públicas e transparentes de adxudicación dos espazos.

O miradoiro do Monte Faro de Viveiro foi recuperado

A Xunta de Galicia investiu 24.832 euros na recuperación do miradoiro de Monte Faro, en Viveiro, que estaba en estado de abandono. O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, visitou o lugar acompañado da alcaldesa, María Loureiro, entre outros, e destacou “a mellora estética e funcional e a integración na contorna” que chegou esta actuación.

Balseiro explicou que o Goberno galego asumiu o 65% do orzamento subvencionable a través da Consellería de Cultura e Turismo, mediante a convocatoria anual de axudas destinadas a colaborar coas entidades locais no fomento da accesibilidade e sinalización dos recursos turísticos no medio rural. O delegado afirmou que o obxectivo desta liña de axudas é potenciar o turismo como un factor de crecemento económico e instrumento de reequilibrio territorial, “desenvolvendo o seu potencial de acordo cos principios de calidade, accesibilidade e sustentabilidade”.

No caso de Viveiro, a actuación



subvencionada supuxo a posta en valor non só do miradoiro, senón de todo o conxunto, incluíndo os restos do antigo faro e da garita como elementos etnográficos de relevancia na historia do municipio. Entre as actuacións máis destacables figura a eliminación dos cables aéreos, substituídos por unha rede soterrada máis segura que proporciona subministro eléctrico á nova iluminación ornamental.

O conxunto xira en torno a un banco circular con vistas á ría de Viveiro e un panel panorámico de sinalización. Insta-

louse outro mobiliario urbano, disimulando os contedores, e sinalizouse o camiño desde a aldea do Faro ata o miradoiro. Trazáronse sendeiros que comunican o acceso rodado co miradoiro e a garita e pintouse o exterior dun pequeno local do concello situado no lugar.

En definitiva, apuntou o delegado, “recuperouse este lugar para que sexa un punto de atracción turística do municipio, un complemento para as rutas de sendeirismo desta zona e un argumento máis para visitar Viveiro en calquera época do ano”.

Obras de restauración da Muralla



A Consellería de Cultura e Turismo deu comezo ás obras de restauración do cubo XXXI da Muralla de Lugo, situado á altura da rúa Clérigos. A actuación conta cun orzamento de 142.000 euros e o prazo máximo de execución será de dous meses. Os traballos corrirán a filtración de humidades e as patoloxías que provocou a acumulación de auga nos muros interiores neste punto. Para elo, procederase á escavación manual arqueolóxica do adarve e a escaleira ata a cota orixinal romana, e á impermeabilización da estrutura para posteriormente repór en condicións óptimas os muros e petos.

Así mesmo, a intervención permitirá seguir afondando na investigación arqueolóxica do monumento. Realizaranse catas coa finalidade de definir o trazado orixinal do cubo romano e documentarase a escaleira exhumada, incluíndo o levantamento topográfico e fotogrametría 3D.

A Xunta exerce unha protección “constante e exhaustiva” da Muralla, con labores diarias de mantemento e con intervencións de restauración que se suceden de forma continua. Neste sentido, lembrou que recentemente veñen de rematarse as obras no cubo VII -á altura da porta do Bispo Odoario-, nas que se investiron 273.400 euros.

A Xunta apoia a conservación do Camiño Francés en Samos

A Delegación territorial da Xunta de Galicia saíu ao paso das queixas efectuadas polo alcalde de Samos, Julio Gallego, en relación cos danos provocados polo temporal na ruta do Camiño Francés ao seu paso por este municipio lembrando que pese a ser unha competencia compartida co Concello, a Xunta é a única administración pública que apoia as tarefas de conservación da ruta xacobeá ao seu paso por este municipio.

Desde a administración autonómica censuran tamén a actitude do alcalde porque din que non recibiron comunicación oficial

por parte do Concello trasladando a existencia de danos provocados polos recentes temporais no camiño e censuran que en vez de solicitar unha solución a estes desperfectos por vía oficial teñan que saber desta queixa a través dos medios de comunicación.

A Xunta lembra que desde 2017 o Concello de Samos percibe 45.500 euros anuais con cargo a convenio que os concellos do Camiño Francés teñen asinado coa Xunta e que ten por obxecto precisamente afrontar obras conservación e reposición que, con carácter de urxencia, deben executarse para a mellora do Camiño e a súa contorna. No que respecta

ao ano en curso esta contía non se esgotou na súa totalidade, situación que resulta incompatible con asegurar que a ruta está abandonada.

Con todo a Xunta de Galicia tamén aclara que teñen en vigor un contrato de conservación do Camiño Francés por importe de 618.173 euros anuais co que apoian aos concellos nas obras de mantemento da ruta xacobeá. A administración xa deu instrucións á empresa para que verifícase e, no seu caso, corrixa, esas deficiencias que o alcalde traslada a través dos medios de comunicación e non por vías oficiais.

Ribadeo e Trabada queren solucionar problemas de abastecemento de auga

A Xunta e os concellos de Ribadeo e Trabada acordaran impulsar conxuntamente unha solución aos problemas de abastecemento, co cofinanciamento tamén da Deputación provincial de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico. O estudo adxudicado determinará as actuacións necesarias para poñer á disposición dos veciños un servizo de abastecemento axeitado. A Xunta adxudica a redacción do estudo de alternativas para mellorar o abastecemento nos concellos de Ribadeo e Trabada.

O estudo, que levará a cabo a empresa adxudicataria IDOM, Consulting Engineering Architecture, SAU, analizará a substitución da condución de abastecemento actual, que se atopa nun estado deficiente, por un sistema eficiente e tecnicamente viable. As redes municipais de abastecemento de auga deste concello presentan graves deterioros, polo que este proxecto arrojará as actuacións necesarias para solucionar estas carencias e poñer á disposición dos veciños un servizo axeitado ás súas necesidades.